



XUNTA DE GALICIA



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E COCA-COLA EUROPEAN PARTNERS IBERIA,SLU, (CCEP IBERIA) PARA COLABORAR NA CONVOCATORIA DO 12.º CONCURSO COCA-COLA NOVOS TALENTOS DE RELATO CURTO

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2021


REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo e de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Dona María José Sande Rodríguez, con N.I.F. 32754240-D, en nome e representación da mercantil **COCA-COLA EUROPEAN PARTNERS IBERIA, S.L.U.**, (en diante, "**CCEP IBERIA**"), con domicilio social na Avda. Alfonso Molina s/n, 15008 - A Coruña e C.I.F. B-86561412, na súa calidade de apoderada, acreditando a súa representación mediante escritura de poder outorgada ante o notario de Madrid, D. Ignacio Paz-Ares Rodríguez, o 12 de setembro de 2013, co número 1418 do seu protocolo

EXPOÑEN:

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais





XUNTA DE GALICIA



feitas en galego.

2. Que dentro da Administración da Comunidade Autónoma galega, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é o departamento ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que, para poder actuar en todos os ámbitos sociais, debe colaborar, na medida do posible, coas diversas entidades que actúan dentro da Comunidade Autónoma galega.

3. Que “CCEP IBERIA”, é unha entidade mercantil que ten como actividade principal a distribución e comercialización de bebidas baixo as seguintes marcas propiedade de The Coca-Cola Company (“TCCC”) que actualmente son bebidas refrescantes, deportivas, enerxéticas, zumes e augas minerais.

4. Que con todo, dentro das súas actividades, “CCEP IBERIA” tamén colabora con distintas entidades culturais para a promoción e o desenvolvemento cultural e educativo da mocidade.

5. Que no marco da promoción das ditas actividades culturais, “CCEP IBERIA” e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade decidiron colaborar de forma conxunta na décimo segunda convocatoria do Concurso Literario Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto de Galicia, cuxo obxecto é promover o desenvolvemento da expresión escrita e a lectura entre os alumnos de 2.º e 3.º de ESO e axudar os participantes para tentar cumprir o seu soño de converterse en escritores, así como estimular a galeguización e a creatividade na lingua galega, a través deste concurso literario que se consolidou como un dos máis importantes do país.

6. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na xuventude, co que se lle pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar o seu uso neste colectivo, para o que o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a xuventude, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o ocio, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Polo exposto, as dúas entidades acordan asinar un protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes





XUNTA DE GALICIA



ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

A través deste protocolo, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e “CCEP IBERIA” para colaborar conxuntamente no desenvolvemento do Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto en lingua galega na súa 12.ª edición.

As bases e condicións de participación da convocatoria deste premio figuran como anexo a este protocolo e forman parte integrante deste.

Segunda. Deberes de “CCEP IBERIA”

Mediante a sinatura deste protocolo, “CCEP IBERIA” comprométese a organizar, xestionar e executar todas as actividades que teñan relación co citado concurso: a elaboración das bases, das convocatorias, das circulares, da documentación, a constitución do xurado e a organización do acto de presentación e do acto de entrega de premios e, facilitará as infraestruturas e os medios necesarios.

“CCEP IBERIA” asume a dotación económica do premio de acordo co estipulado nas súas bases.

Terceira. Constitución do xurado

Mediante este protocolo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, comprométese a colaborar con “CCEP IBERIA” na constitución do xurado que outorgará o premio ao mellor relato curto.

Cuarta. Deberes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a dar apoio institucional a “CCEP IBERIA” na organización das actividades que teñan relación cos premios, así como na entrega destes.

Así mesmo, comprométese a colaborar na difusión dos premios mediante actuacións informativas e divulgativas, roldas de prensa e insercións informativas na páxina institucional da web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, prestaralle apoio pedagóxico/didáctico e asesoramento técnico a “CCEP IBERIA” en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste protocolo.



Quinta. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao amparo deste protocolo deberánse de levar a cabo de acordo co establecido nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Así mesmo, "CCEP IBERIA" comprométese a coidar e a respectar a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei e faise cargo de que a tradución das bases legais estipuladas a nivel nacional, se realice nun impecable galego.

Sexta. Vixencia

Este protocolo estará vixente desde a sinatura ata o 30 de decembro de 2021, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes por incumprimento dos compromisos que se recollen nel, cun mes de antelación polo menos.

Sétima. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste protocolo, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, nomeados polo seu titular, e dous representantes de "CCEP IBERIA".

Esta comisión, que estará presidida por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Con todo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a aceptar o texto das referidas bases con total liberdade, sempre en cumprimento da normativa vixente, dende "CCEP IBERIA", sen poder modificar ningún aspecto recollido nas referidas bases, fóra de que se trate dun aspecto legal que, no seu caso, "CCEP IBERIA" non coñecese, ou non puidese ter en conta.

Oitava. Difusión da colaboración

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste protocolo farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando cumpra, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste protocolo.

Novena. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste protocolo respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décima.- Administración dixital

As partes asinantes deste protocolo respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo primeira.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste protocolo suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo





XUNTA DE GALICIA



gobierno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste protocolo as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Normativa aplicable

Este protocolo ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

A posible discrepancia na aplicación e/ou na interpretación deste protocolo resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento prevista na estipulación sétima.

Ao estar as partes conformes co pactado, asínanse cinco copias de este protocolo, tres orixinais en galego e dous en castelán, no lugar e na data que se indican ao principio.

O conselleiro de Cultura, Educación

e Universidade

Román Rodríguez González



Coca-Cola European Partners

Iberia, S.L.U.

María José Sande Rodríguez

12º CONCURSO COCA-COLA NOVOS TALENTOS DE RELATO CURTO
EDICIÓN 2020/2021

**FUNDACIÓN COCA-COLA e COCA-COLA EUROPEAN PARTNERS IBERIA,
SLU**

Fundación Coca-Cola e Coca-Cola European Partners Iberia, SLU (en diante, CCEPI), conxuntamente coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade organizan o Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto.

O obxectivo do concurso é fomentar a escritura creativa entre os alumnos de 2.º e 3.º curso de ESO e axudarlles aos participantes para tentar cumprir o seu soño de converterse en escritores.

Os presentes Termos e Condicións establecen as normas de participación no concurso.

A participación no concurso implica a aceptación destes.

TERMOS E CONDICIÓNS

I. - REQUISITOS

Poderán participar escolares que cursen 2.º e 3.º curso de ESO, rescatando deste último curso os concursantes rexistrados para a edición 2019-2020 que non puido realizarse por causa da COVID-19. Os concursantes non poderán superar a **idade máxima de participación de 16 anos**, a través dos colexios/institutos onde se realicen os devanditos estudos (en diante, centro escolar).

II.- FASE ESCOLAR (INSCRICIÓN AO CONCURSO)

- **Contacto co embotellador**

- Coca-Cola European Partners Iberia SL, embotellador dos produtos baixo as marcas de The Coca-Cola Company España e Portugal (en diante CCEPI) poñerase en contacto cos centros escolares vía carta, teléfono ou correo electrónico. Deste xeito, CCEPI poderá pechar unha data para visitar o centro escolar sempre que as circunstancias sanitarias e de seguridade o permitan. A oficina local de CCEPI entregarálle ao profesorado representante do centro escolar a información e as instrucións para



formalizar a inscrición en liña a través da páxina web de Fundación Coca-Cola.

Os centros escolares que desexen participar no concurso e non fosen contactados por CCEPI poderán descargar libremente os materiais do concurso na web de Fundación Coca-Cola ou solicitándoos por teléfono ou correo electrónico a CCEPI (datos dispoñibles na sección de "Contactos" da web do concurso).

- **Elección de alumnos representantes de cada centro escolar**

Por cada centro escolar os profesores seleccionarán como máximo a dous alumnos ou alumnas de cada clase de 2.º e 3.º de ESO baixo os seus criterios para participar na proba escrita.

- Cada centro escolar organizará o seu propio sistema de selección dos **dous alumnos de cada clase de 2.º e 3.º curso de ESO** que representarán o centro na fase de redacción do concurso. A organización do concurso, recomenda que a selección dos participantes se realice con base nos criterios do *training* de escritura previos á proba escrita. Estes criterios poderán consultarse a través desta ligazón na páxina web: <http://estaticos.cocacola.es/bases/cjt/terminos-condiciones-cjt-galego.pdf>

- **Documentación necesaria para a inscrición**

- Os centros escolares, a través do profesor de contacto, deberán cubrir o **formulario en liña** a través da páxina web (<https://concursojovenestalentos.typeform.com/to/PEFV45t>), onde comunicarán os nomes dos alumnos ou alumnas representantes designados por cada clase para participar na proba escrita.
- Se estes fosen menores de 14 anos deberán contar coa autorización expresa e asinada dos seus pais ou titores que se deberá descargar da web, cubriuse e subirse á web durante o proceso de inscrición en liña.

O prazo máximo para entregar toda a documentación é o 5 de febreiro de 2021.

III.- CONCURSO PARALELO: RELATO COLABORATIVO

Os centros escolares rexistrados para a súa participación no concurso poderán participar tamén no concurso paralelo de relatos colaborativos.





XUNTA DE GALICIA



Cada centro poderá presentar un relato colaborativo elaborado por unha clase no seu conxunto que terá as limitacións de 1-300 palabras e que describirán un personaxe, un ambiente, un lugar ou unha temática.

Os profesores enviarán o relato representante do centro a través da plataforma do concurso enlazada na web. Para que a participación no concurso paralelo sexa válida, o profesorado subirá á plataforma enlazada á web o escrito colectivo que representa o seu centro a través dun usuario e contrasinal, información provista polo responsable de área. A data límite para presentación deste será o 15 de xaneiro de 2021.

Posteriormente un comité experto seleccionará un relato colaborativo de todos os presentados como gañador, que será o estímulo creativo para a proba escrita individual e que non se coñecerá ata o mesmo día da proba.

A clase premiada recibirá o recoñecemento de FUNDACIÓN Coca-Cola e CCEPI a través de diplomas de gañadores e un detalle que pode ser individual ou colectivo.

IV.- FASE DE REDACCIÓN (PROBA ESCRITA)

1. PROBA ESCRITA

O día 5 de marzo de 2021 terá lugar en todas as provincias galegas, unha **proba escrita en liña** á que concorrerán os alumnos designados por cada centro escolar, agrupados por provincias ou sectores provinciais*.

** Sector provincial: as provincias con maior número de centros escolares participantes dividiránse á súa vez en sectores provinciais co fin de lles dar máis posibilidades aos participantes, alí onde compiten moitos escolares. Esta división farase desde CCEPI.*


2. NORMAS PARA A PROBA ESCRITA EN LIÑA

- Do 3 de novembro ao 5 de febreiro todos os alumnos participantes deberán solicitar a alta na plataforma en liña a través dun usuario e contrasinal que lles dará acceso á plataforma onde realizarán a proba escrita. Este usuario e contrasinal facilitaráselles previamente a través dos responsables de área.

Durante o seu rexistro deberán cubrir un cuestionario cos seus datos persoais (nome e apelidos, centro escolar, código postal, comunidade autónoma, provincia, e/ou sector provincial e cidade).

O día da proba escrita, os participantes deberán entrar na plataforma a través do seu usuario e contrasinal e asignaráselles un número de identificación para preservar o anonimato ante os xurados.

Os alumnos designados por cada centro escolar conectaránse á plataforma á hora sinalada pola Oficina Técnica para realizar a proba escrita en liña, consistente na elaboración dun RELATO a partir dun estímulo creativo en liña que poderán consultar no momento da proba escrita.





XUNTA DE GALICIA



- Os alumnos e alumnas menores de 14 anos que se presenten á proba escrita deberán contar cunha autorización do seu pai/nai ou titor. **VER APARTADO VII. - NORMAS DO CONCURSO, punto 1.**
- O relato deberá realizarse no procesador de textos da plataforma en liña na que os días anteriores se rexistrou a persoa participante. Cada alumno ou alumna contará cun número de identificación para preservar o anonimato á hora de redactar o seu relato.
- As instrucións que deberá seguir o alumnado o día da proba para elaborar o relato poderán ser consultadas nun apartado da plataforma.
- O relato, cunha extensión máxima de tres follas, en fonte Arial e tamaño 11, non poderá ir asinado, nin incluír signos de ningún tipo que poidan permitir a súa identificación.
- Espérase que todos os participantes realicen a proba escrita por si mesmos, sen axuda de apoio de terceiras persoas. Se a organización percíbise algún tipo de fraude ou incorrecta participación, eliminará do concurso a devandita participación
- Ao finalizar a proba escrita, o relato quedará rexistrado automaticamente na plataforma. Os relatos só mostrarán o número de identificación dos participantes para non influír na corrección por parte do xurado.

V.- FASE PROVINCIAL

I. XURADO PROVINCIAL

- Cada provincia ou sector provincial someterá os seus participantes á avaliación dun xurado provincial, que elixirá cales son os 3 mellores relatos de entre todos os presentados en cada provincia ou sector provincial e outorgaráselles unha clasificación do 1.º ao 3.º.
- CCEPI comunicaralle a decisión dos xurados provinciais ao profesorado dos tres alumnos seleccionados por cada provincia ou sector provincial **nun período máximo dun mes tras a realización da proba escrita.** Ademais, a listaxe de gañadores provinciais publicárase na páxina web: <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos>
- Os xurados provinciais estarán formados por autoridades educativas e/ou representantes do mundo literario, medios informativos e institucións.

II. PREMIOS PROVINCIAIS

Os 3 primeiros clasificados por cada provincia ou sector provincial recibirán un obsequio dependendo da orde de clasificación que o xurado provincial lles asignou e todos eles recibirán un artigo da marca "Coca-Cola"; que será o mesmo para todos. O





XUNTA DE GALICIA



obsequio enviarase ao domicilio do gañador ou ao centro escolar correspondente.

VI.- FASE FINAL:

Participarán na fase final os clasificados en 1.º lugar de cada provincia ou sector provincial.

XURADO

Selección xurado

- Este xurado recibirá os relatos dos clasificados en 1.º lugar de cada provincia ou sector provincial e puntuará todos os relatos para elixir 1 gañador.

Gañador:

- CCEPI comunicarlle a decisión do xurado ao profesor do gañador no prazo máximo de 3 meses desde a data de realización da proba escrita. O nome dos finalistas será publicado na web <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos> e nas RRSS.

Premio. Decisión do xurado, fase final

O premio para o gañador consiste nunha **VIAXE de lecer e cultural**, con destino nacional e/ou internacional e con todos os gastos pagos (hoteles, comidas, aloxamentos etc.). A viaxe realizarase unha vez terminado o curso escolar, a finais do mes de xuño de 2021. O destino ou destinos determinará a organización do concurso tendo en conta o contexto de pandemia. Para poder gozar do premio necesitarase unha autorización dos seus pais ou titores legais. Se o gañador non dispón desta autorización, non poderá realizar a viaxe.

O profesor ou profesora rexistrado no concurso como profesor do gañador tamén será premiado cunha experiencia e premio didáctico durante o mes de xuño.

O dereito da organización do premio/experiencia queda preservado a Fundación Coca-Cola e á CCEPI en función das circunstancias do momento e das recomendacións sanitarias en relación coa COVID-19.

Renuncia ao premio:

No caso de que o premiado renuncie ao premio, este pasará ao seguinte alumno clasificado polo xurado correspondente.

VII. - NORMAS DO CONCURSO

1. Os centros escolares que presenten ao Concurso os seus alumnos de 2.º ou 3.º curso de ESO e que sexan menores de 14 anos o día da proba deberán achegar o **formulario de inscrición en liña** dos alumnos, as correspondentes **autorizacións** (ver **ANEXO I**) previas dos pais/nais ou titores debidamente asinadas e acompañadas de fotocopia do DNI, e así mesmo darlles a coñecer os presentes Termos e Condicións



XUNTA DE GALICIA



do concurso. A organización non se fai responsable do incumprimento desta norma por parte do centro escolar que representa o alumnado seleccionado para a proba escrita.

2. Todos os **xurados do concurso avaliarán os relatos atendendo á súa imaxinación, argumento, coherencia, composición, presentación e corrección gramatical**. O veredicto dos xurados será inapelable.

3. A simple **presentación ao concurso supoñerá a aceptación tácita das normas** contidas nos presentes Termos e Condicións do concurso por todos os participantes/centros escolares/pai/nai ou titor e profesores.

4. No caso de que un alumno rexistrado cambie de centro, a súa participación irá adscrita ao centro escolar no que se inscribiu inicialmente.

5. **Os premios non poderán ser trocados** por diñeiro nin por ningún outro premio e a súa entrega estará suxeita ao disposto en materia fiscal.

6. Fundación Coca-Cola e CCEPI **determinará o destino da viaxe** que constitúe o premio da decisión do xurado, así como datas, lugares de encontro, medios de transporte, servizos adicionais e todos os aspectos deste. Os gañadores non poderán variar ningún destes puntos e só poderán aceptar a viaxe tal e como se lles ofrezca.

7. Fundación Coca-Cola e CCEPI reserva para si o dereito á organización da experiencia en función das circunstancias do momento e das recomendacións sanitarias en relación coa COVID-19. Ademais, Fundación Coca-Cola e CCEPI terán o **dereito de modificar calquera aspecto da viaxe** coa condición de que as circunstancias o xustifiquen e se garanta a seguridade dos seus invitados e non será responsable se en caso de folga, guerra ou quebra, a compañía de transporte contratada non puidese cumprir coas súas obrigas con relación á viaxe contratada.

8. O **alumno gañador non poderá gozar da viaxe** que de ser o caso lle correspondeu, **sen a autorización previa por escrito do pai/nai ou titor/a**. O **alumno gañador deberá dispoñer de DNI ou pasaporte vixente no momento de iniciar a viaxe**, así como unha autorización de viaxe compulsada pola Policía, no caso de que o alumno non tivese pasaporte, e tarxeta sanitaria con cobertura en territorio español e estranxeiro. **No caso de que a viaxe sexa no estranxeiro, será necesaria unha autorización expedida pola Policía**.

9. Durante os 6 primeiros meses desde a entrega dos premios provinciais ningún dos relatos pode ser entregado ás persoas participantes. Estes traballos poderán ser publicados nos medios informativos, medios de comunicación electrónicos (Internet, sitios web, páxina web do concurso, páxina web Coca-Cola España, páxina web CCEPI), utilizados en edicións dixitais, producións audiovisuais ou editados en libros e folletos como material didáctico do concurso, ou para calquera outro fin que Fundación Coca-Cola e CCEPI estime conveniente, tendo en conta que en ningún caso a utilización destes textos terá ánimo de lucro.

Logo de transcorrer 6 meses iniciais, os relatos orixinais clasificados na fase provincial conservaranse durante outros 6 meses, a partir dos cales CCEPI os destruírá. Os relatos clasificados en fases provinciais poderán ser gardados durante un ano máis.

9. DATOS PERSOAIS:

O tratamento dos datos persoais do alumnado participante, os seus representantes (pais/titores), gañadores, profesores representantes dos centros escolares e de ser o caso acompañantes (en diante, tamén denominados todos eles persoas interesadas) levarao a cabo segundo o exposto nos presentes Termos e Condicións do concurso. De acordo co anterior, a simple participación no concurso implica necesariamente a aceptación expresa polos interesados do tratamento dos seus datos persoais de acordo co descrito nos presentes Termos e Condicións do concurso.

De conformidade coa normativa vixente sobre protección de datos, a continuación, ponse en coñecemento da Interesados información detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais.

VERACIDADE E EXACTITUDE DA INFORMACIÓN: os interesados están obrigados a proporcionar datos exactos e actualizados e correspondentes á súa propia identidade; enténdese en consecuencia, que son exactos e actuais os datos proporcionados polos participantes e de ser o caso, polos gañadores en calquera fase do concurso, e é súa a responsabilidade comunicar calquera actualización e/ou rectificación destes ás entidades responsables e organizadoras da promoción.

De acordo co anterior, o desenvolvemento e execución da relación formalizada a través da participación no presente concurso implica necesariamente o tratamento, independente e autónomo, dos datos persoais dos interesados por parte dos responsables do tratamento de datos, de acordo co descrito a continuación.

COMUNICACIÓN DOS DATOS PERSOAIS POR PARTE DOS INTERESADOS: a comunicación de datos persoais á Fundación é un requisito necesario derivado das presentes bases que constitúen os termos e condicións polos que se rexe o concurso e por tanto, os interesados están obrigados a facilitar os datos persoais con carácter exacto e actualizado, e quedan informados de que, en caso contrario, as posibles consecuencias de non facilitar tales datos suporán a imposibilidade de participación ou anulación desta.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: a Fundación Coca-Cola (en diante, A Fundación), é a entidade responsable do tratamento dos datos dos interesados, con domicilio social en calle Ribera del Loira, 20-22, 28042 Madrid, enderezo electrónico de contacto contacto@cocacola.es e teléfono 900 19 92 02

Datos de contacto do delegado de Protección de Datos: o enderezo electrónico de contacto do delegado de protección de datos da Fundación é privacy@coca-cola.com.

FINALIDADE E BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO DOS DATOS: a continuación indícase a finalidade e base xurídica do tratamento de datos dos interesados.




Handwritten signature and circular stamp of the Xunta de Galicia.

Con base na relación contractual que regula a participación no concurso a través das bases, o tratamento dos datos persoais dos interesados terá as seguintes finalidades:

- Xestionar a participación no concurso.
- Verificar a concorrencia dos requisitos e autorizacións establecidas nas presentes bases para a participación e no seu caso, a asunción da condición de gañador.
- Valoración das probas.
- Atender as peticións dos interesados e proporcionarlles a información necesaria para que a súa participación se axuste aos presentes Termos e Condicións.
- Enviarlles aos interesados as comunicacións de xestión necesarias durante a súa participación no concurso para, a través dos datos de contacto facilitados por eles (correo electrónico, documentos de inscrición e autorizacións ou chamada telefónica, entendéndose por correctos os datos de identificación e contacto que os interesados proporcionasen no momento de rexistrarse ou inscribirse no concurso ou no seu caso, actualizasen de forma posterior).
- Identificar os autores dos relatos gañadores.
- Comunicar a condición de gañador e entregar os premios correspondentes.
- Verificar a inexistencia de actuacións fraudulentas ou contrarias ás presentes bases.
- Eliminar xustificadamente da participación do concurso aos interesados que defrauden, alteren ou inutilicen o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario da promoción ou que non cumpran as condicións das presentes bases.
- Xestionar a organización da viaxe e as estancias que os interesados deban realizar.
- Cando cumpra, xestionar a inscrición no curso de creación literaria, viaxes e estancias correspondentes así como as restantes actividades.
- De ser o caso, a execución de calquera outra finalidade segundo o establecido nos presentes Termos e Condicións do concurso.

Xestionar o seu rexistro na presente promoción desenvolta vía web, para o que o interesado deberá acceder e aceptar a política de privacidade e demais textos publicados na plataforma do presente concurso a través da cal se realiza o rexistro.



- Levar a cabo e liquidar as retencións fiscais dos premios cando corresponda.

Con base no consentimento outorgado polos interesados para participar neste concurso e por tanto a aceptación necesaria das presentes bases, o tratamento dos datos persoais dos interesados terá as seguintes finalidades:

- Publicar e difundir os datos identificativos dos participantes e gañadores así como a súa imaxe a través de medios de comunicación electrónicos (Internet, sitios web, redes sociais, páxina web do concurso <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos>, páxina web de Coca-Cola España, www.cocacolaespana.es, www.cocacola.es, páxina web CCEPI www.ccepiberia.com ou outras, o que supón unha difusión potencialmente universal) e/ou convencionais (papel, fotografías, vídeos e outros análogos) así como calquera outra publicación dos seus datos derivada do establecido nas presentes bases o apartado seguinte) no apartado 10. DEREITOS DE IMAXE en relación coa explotación dos dereitos de imaxe.

Con base no interese lexítimo das entidades responsables, o tratamento dos datos persoais dos interesados terá as seguintes finalidades:

- Convidar ao alumnado participante a eventos relacionados con outras ou futuras edicións do concurso, e mencionalo como antigo participante en medios de comunicación, redes sociais e galas de entrega de premios.

DESTINATARIOS DOS DATOS: os datos persoais dos interesados poderálles ser comunicados aos seguintes terceiros destinatarios:

Con base xurídica na relación contractual derivada da aceptación das bases, infórmase os interesados premiados coa viaxe de que coa finalidade de poder xestionalo adecuadamente a Fundación Coca-Cola poderá cederlles os seus datos –con carácter enunciativo pero non limitativo– a aquelas entidades que sexan contratadas para a organización da viaxe e as estancias obxecto do premio, tales como axencias de viaxe, hotéis, compañías áreas ou de transporte en xeral, mensaxería, compañías aseguradoras así como outras terceiras entidades implicadas na xestión do premio obtido polo interesado. Adicionalmente, cando o premio obtido sexa viaxar e acompañar o alumno gañador durante a súa participación no curso de creación literaria, comunicaránselle os datos necesarios á entidade encargada de impartilo.

Así mesmo, segundo o exposto nas presentes Bases e en particular, de acordo co establecido no apartado seguinte “10. Dereitos de Imaxe”, serán destinatarios dos datos persoais dos interesados que participen no concurso e autoricen a publicación dos seus datos en medios de comunicación todos os usuarios das plataformas dixitais e convencionais de comunicación onde se reproduzan, publiquen ou comuniquen publicamente os datos dos interesados (participantes e gañadores), o cal supón un acto de comunicación masivo e



universal de carácter mundial; mesmo serán destinatarios dos datos os usuarios dos devanditos medios de comunicación fóra do territorio do Espazo Económico Europeo.

Con base xurídica no cumprimento de obrigas legais, os datos persoais dos interesados poderán serlles comunicados ás autoridades administrativas e xudiciais competentes por razón da materia, tales como Facenda, co fin de practicar a retención fiscal que de ser o caso corresponda, así como a xuíces, tribunais, asociacións de consumo ou calquera outro terceiro a quen Fundación Coca-Cola se vise obrigada a comunicar a información en caso de impugnación por parte do interesado ou reclamación de calquera índole interposta por Fundación Coca-Cola ou polo propio interesado.

Transferencias internacionais: en relación cos destinatarios dos datos expostos anteriormente, Fundación Coca-Cola informa o interesado de que, cando os destinatarios dos datos (con carácter enunciativo pero non limitativo: axencias de viaxe, hoteis, compañías áreas ou de transporte en xeral, mensaxería, compañías aseguradoras) se atopen fóra do territorio do Espazo Económico Europeo, a comunicación dos referidos datos implicará a transferencia internacional de datos co fin de executar as condicións establecidas nos presentes Termos e Condicións do concurso, aínda que, a devandita transferencia se realizará de acordo cos requisitos establecidos na normativa aplicable.

Advírtese en todo caso de novo que, cando a reprodución, comunicación pública ou publicación dos datos persoais dos interesados se realice en medios de comunicación accesibles desde calquera país do mundo, tal como Internet, o tratamento dos datos permitirá que terceiros situados fóra do territorio do Espazo Económico Europeo accedan aos seus datos persoais así difundidos, de forma aberta e indiscriminada. Nestes casos, os datos persoais dos interesados serán obxecto dun tratamento masivo e universal e será destinatario dos datos calquera usuario de ámbito mundial das plataformas da Internet onde se publiquen os datos dos interesados.

Encargados do tratamento: terceiras empresas externas á Fundación Coca-Cola (como é o caso da oficina técnica de apoio BEST RELATIONS SLO e outras entidades colaboradoras) terán acceso aos datos co fin de prestar servizos necesarios para a actividade e tratamentos levados a cabo segundo o indicado nas presentes bases e/ou funcións auxiliares de apoio a estes. Os datos serán postos ao dispor dos devanditos encargados do tratamento ao abeiro dun contrato de prestación de servizos e outro de encarga de tratamento coa obriga de seguir as instrucións de tratamento proporcionadas por Coca-Cola, de gardar a confidencialidade, devolver e/ou destruír os datos á finalización do servizo e queda prohibido o tratamento dos datos para fins propios dos encargados do tratamento.



PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos persoais serán tratados mentres dure o concurso en tanto os interesados non soliciten a supresión destes e tras finalizar o tratamento, durante os prazos de conservación establecidos nas normas aplicables para o cumprimento das obrigacións legais da Fundación Coca-Cola.

En caso de tratamento de datos de alumnos en futuras edicións do concurso, os datos trataranse conforme os prazos establecidos na política de privacidade da entidade responsable.

Podes obter información sobre os prazos de conservación de datos dirixíndote á Fundación mediante correo electrónico a: contacto@cocacola.es

DEREITOS: os interesados poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento, oposición, portabilidade, así como, de ser o caso, a revogación do consentimento outorgado para o tratamento en calquera momento, sen que iso afecte a licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada, mediante o envío dunha petición escrita á Fundación Coca-Cola xunto cunha copia do seu DNI a calquera dos seguintes enderezos:

Enderezo postal: c/ Ribera del Loira 20-22, 28042 Madrid.

Enderezo electrónico: contacto@cocacola.es

Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control: ademais, os interesados tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control Axencia Española de Protección de Datos, (AEPD) así como a solicitar ante o devandito organismo a tutela dos seus dereitos, a través do sitio web www.aepd.es, e/ou no seguinte enderezo C/Jorge Juan, 6. 28001 – Madrid e no teléfono de contacto 912 663 517. Con carácter previo a interposición da reclamación e de forma voluntaria, os interesados poden contactar co delegado de protección de datos da Fundación Coca-Cola no seguinte enderezo privacy@coca-cola.com

COMUNICACIÓN DE DATOS DE TERCEIROS POR PARTE DOS INTERESADOS: no caso de que os interesados lles deban facilitar datos de carácter persoal referentes a terceiras persoas como acompañantes no gozo dalgún dos premios –incluído o dato da imaxe– deberá, con carácter previo á súa comunicación, informar os devanditos terceiros dos extremos contidos nas presentes bases e, en todo caso, da finalidade da comunicación dos datos á Fundación Coca-Cola. Para tales efectos, a comunicación de datos persoais de terceiros queda condicionada ao principio de necesidade e proporcionalidade e á comunicación de datos actuais e veraces, e require con carácter previo informar e solicitarlles o consentimento aos devanditos terceiros para o tratamento dos seus datos, salvo que exista unha habilitación legal para o efecto.

10. DEREITOS DE IMAXE

Tendo en conta do alcance e relevancia social e cultural do concurso, así como a súa finalidade de estimular nos adolescentes o interese pola escritura e a lectura, as





XUNTA DE GALICIA




distintas fases e etapas do concurso desde o seu inicio teñen unha ampla difusión en medios de comunicación tanto propios como de terceiros. En consecuencia, a autorización outorgada á Fundación Coca-Cola polos participantes (por si mesmos ou ben polos seus pais e titores ou representantes legais), gañadores, profesores e representantes dos centros escolares, acompañantes e familiares (tamén identificados todos como Interesados) para participar no concurso e para a captación e reprodución da súa imaxe nos termos indicados, sen carácter remunerado, conforme o previsto nas presentes bases permitirá á Fundación Coca-Cola o tratamento e uso dos seus datos persoais incluída a súa imaxe e /ou voz, de acordo coa Lei 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, a través de medios electrónicos (Internet, páxina web do Concurso <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos>, páxina web de Coca-Cola España, www.cocacolaespana.es, www.cocacola.es, páxina web CCEPI www.ccepiberia.com, ou outros medios) e/ou convencionais (papel, fotografías, vídeos e outros análogos) en calquera modalidade de explotación existentes ou que se atopen en fase de investigación e desenvolvemento, polo máximo de tempo legalmente permitido e para todos os territorios do mundo segundo se expón a continuación.

A Fundación Coca-Cola utilizará a imaxe e/ou voz do interesado, captada por medio de fotografías e/ou gravacións durante o desenvolvemento do presente concurso; o interesado cédelles expresamente ás entidades responsables a totalidade de dereitos de explotación que lle incumbiren, con carácter non exclusivo, con carácter universal (sen limitación xeográfica ningunha), polo máximo tempo de duración permitido pola lexislación vixente e de maneira gratuíta.

Así mesmo, os datos de nome, apelidos, colexio, cidade na que reside e imaxe dos gañadores e dos representantes dos centros escolares, e de ser o caso, acompañantes e/ou familiares poderán ser publicados tanto na páxina web do concurso <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos> como na páxina web de Coca-Cola España, www.cocacolaespana.es, www.cocacola.es, páxina web CCEPI www.ccepiberia.com, como en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. Para tales efectos, os gañadores e os seus representantes autorizan a Fundación Coca-Cola para publicar os seus datos persoais incluída a imaxe coa finalidade de lles dar a coñecer aos restantes participantes e público en xeral quen foron os alumnos/as gañadores.

A Fundación Coca-Cola informa os interesados de que o tratamento dos datos persoais da imaxe e identificativos descritos supón necesariamente a comunicación dos datos dos participantes, gañadores e os seus representantes a calquera terceiro con acceso aos medios e canles de comunicación onde se reproduzan, publiquen ou comuniquen publicamente os datos dos interesados. Cando a reprodución, comunicación pública ou publicación dos datos persoais dos interesados se realice en medios de comunicación accesibles desde calquera país do mundo, como Internet, o tratamento dos datos implicará un tratamento de datos con alcance universal de forma que mesmo terceiros situados en países sen normativa sobre protección de datos



persoais ou con normativa que ten un nivel de protección inferior ao dispensado pola normativa española poderán acceder aos datos. En todo caso, a autorización outorgada á Fundación Coca-Cola non comporta ningún tipo de obrigação por parte da Fundación de facer uso do material.

Así mesmo, o interesado autoriza a Fundación Coca-Cola a ceder os devanditos dereitos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á CCEPI e a NV Coca-Cola Services SA, coa finalidade de publicar e difundir a súa imaxe e/ou voz en medios corporativos, analóxicos e/ou dixitais xestionados pola devandita entidade e suxeito ás mesmas condicións aquí establecidas.

11. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

No caso de que para a participación no presente concurso o usuario tivese que presentar creacións propias (xa sexan fotografías, vídeos, músicas, textos literarios etc.), a participación no concurso supón a cesión con carácter exclusivo e transferible, para un ámbito territorial mundial, durante todo o período de vixencia dos dereitos de propiedade intelectual e con carácter gratuito por parte do participante á Fundación e CCEPI de todos os dereitos de explotación que se deriven das creacións coas que, de ser o caso participe no concurso. A dita cesión atribúelle á Fundación e a CCEPI a plena disposición e o dereito exclusivo á explotación das creacións con exclusión de calquera persoa física e/ou xurídica, incluído o propio participante, e incluírá a facultade de lles outorgar licenzas a terceiros e de lle transmitir a outro o seu dereito. Con carácter delimitativo pero non limitativo, a cesión abarcará como dereitos e modalidades de explotación os seguintes:

- O dereito á reprodución das creacións ou a súa fixación directa ou indirecta, provisional ou permanente, por calquera medio e en calquera forma que permita a súa comunicación ou a obtención de copias de todo ou parte delas, incluído calquera sistema gráfico, mecánico, electrónico, reprográfico, dixital, ou de calquera outra índole.
- O dereito á distribución das creacións ou a súa posta ao dispor do público do orixinal ou das súas copias, nun soporte tanxible, mediante a súa venda, alugueiro, préstamo ou de calquera outra forma, incluída expresamente e sen carácter limitativo a posta ao dispor do público de copias impresas ou dixitais; a súa utilización para a creación, realización, produción e distribución en calquera forma de materiais promocionais ou de mercadotecnia e de calquera outro produto ou servizo que sexa de interese da Fundación e de CCEPI; e a explotación videográfica e discográfica das creacións en calquera soporte, tanto para uso privado como público.
- O dereito a comunicar publicamente as creacións, con fins publicitarios ou promocionais, para usos comerciais e non comerciais, en calquera medio ou sistema técnico ou tecnolóxico existente na actualidade ou que se atope en fase de investigación e desenvolvemento, incluído a título unicamente enunciativo e non limitativo a explotación na Internet; a explotación televisiva (v.gr., televisión gratuíta, de pagamento, por cable, pago por visión, por satélite, fibra óptica, ondas herzianas, fío,



XUNTA DE GALICIA



microondas, televisión dixital terrestre etc.); a explotación mediante telefonía móbil; proxección ou exhibición pública cinematográfica, non cinematográfica ou a través de calquera outro medio que sexa de interese da Fundación e de CCEPI.

- O dereito para transformar as creacións ou a súa tradución, adaptación, axuste, cambio, arranxo e/ou e calquera outra modificación na súa forma da que se derive unha obra diferente, que poderá ser explotada en calquera forma e en especial mediante a súa reprodución, distribución, comunicación pública e nova transformación pola Fundación e CCEPI ou por terceiros autorizados por esta en canto titular en exclusiva dos dereitos de propiedade intelectual das obras resultado da transformación.

- O dereito para dobrar e subtitular as creacións en calquera lingua.

O participante garante que as creacións son orixinais e non vulneran os dereitos de propiedade intelectual de ningún terceiro ou calquera outro dereito de calquera natureza, que está plenamente facultado e capacitado para ceder a totalidade dos dereitos sinalados, e deberá manter indemne á Fundación e a CCEPI por calquera reclamacións expostas por terceiros como consecuencia da explotación das creacións.

A cesión de dereitos de propiedade intelectual segundo o exposto nas presentes bases non xera nin outorga reembolso, pagamento de tarifa ou canon nin dereitos económicos de ningún tipo para o participante e/ou gañador.

ANEXO:

PARTICIPANTES CON ALGUNHA NECESIDADE EDUCATIVA ESPECIAL

Para facilitar a participación en igualdade de condicións dos alumnos con algunha necesidade educativa especial, poñeranse ao dispor de todos aqueles que o precisen as adaptacións de acceso necesarias.

No caso dos alumnos e alumnas con discapacidade visual, deberán redactar o traballo nas mesmas condicións que o resto de alumnado, na clase/casa e por escrito. Para iso, dispoñerán das adaptacións de acceso utilizadas nas súas tarefas escolares. Ademais, deberáselles facilitar aos alumnos o tempo necesario e a plataforma dixital brindará as facilidades requiridas para a redacción do escrito.

Información máis detallada na **Web de Fundación Coca-Cola**



**ACTIVIDADE CULTURAL ORGANIZADA POLA FUNDACIÓN COCA-COLA COA
COLABORACIÓN DE COCA-COLA EUROPEAN PARTNERS IBERIA S.L.,
EMBOTELLADOR DOS PRODUTOS THE COCA-COLA COMPANY EN ESPAÑA,
ANDORRA E PORTUGAL.**

Termos e Condicións do concurso depositados ante notario e na **web de Fundación
Coca-Cola**

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN MENORES DE 14 ANOS

12.º CONCURSO COCA-COLA NOVAS TALENTOS DE RELATO CURTO

Os asinantes,

NOME E APELIDOS:	
DOMICILIO:	
DNI:	
TELÉFONO DE CONTACTO:	





XUNTA DE GALICIA



--	--

Na súa calidade de pais/nais titorestitoras do menor cuxa participación se solicitou na **12.ª edición do Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto** e cuxos datos persoais se recollen a continuación, e quen tamén asina o presente documento:

NOME E APELIDOS:	
DNI:	
COLEXIO:	
CIDADE:	

Manifestan:

Que autorizan o seu fillo/á participar no Concurso, cuxos **Termos e Condicións e Bases do Concurso** declaran coñecer e aceptar integramente, así como os seus plans de difusión, e as condicións da participación do menor, que declaran coñecer e aceptar integramente. Se tivese interese en repasalas, estes Termos e Condicións e Bases atópanse dispoñibles no sitio web de Fundación Coca-Cola sen prexuízo de que poida solicitar copia destes chamando ao número de teléfono 915 211 134.

Que autorizan a Fundación Coca-Cola a publicar o relato que realice o seu fillo ou filla con motivo da súa participación no concurso en medios informativos, medios de comunicación electrónicos (Internet, sitios web, páxina web do concurso





XUNTA DE GALICIA



<http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos>, páxina web Coca-Cola España www.cocacolaespana.es, www.cocacola.es, páxina web CCEPI www.ccepiiberia.com, ou outros medios), edicións dixitais, producións audiovisuais ou edición de libros e folletos como material didáctico do concurso, ou para calquera outro fin que Fundación Coca-Cola e CCEPI estime conveniente, tendo en conta que en ningún caso a utilización destes textos terá ánimo de lucro.

Que autoriza a Fundación Coca-Cola para a captación e reprodución da imaxe do seu fillo/filla, sen carácter remunerado, de acordo coa Lei 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe; e Lei 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, a través de medios electrónicos (Internet, páxina web do concurso <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos>, páxina web Coca-Cola España www.cocacolaespana.es, www.cocacola.es, páxina web CCEPI www.ccepiiberia.com, ou outros medios) e/ou convencionais (papel, fotografías, vídeos e outros análogos) en calquera modalidade de explotación existente ou que se atope en fase de investigación e desenvolvemento, polo máximo tempo legalmente permitido e para todos os territorios do mundo, sen que iso lle obligue á Fundación e a CCEPI a facer uso do material fotográfico en ningún caso.

Que foi informado pola Fundación Coca-Cola da recollida e tratamento dos datos persoais contidos neste documento e os que se xeren pola participación do seu fillo/filla no concurso, de acordo co seguinte:

- **Responsable do tratamento:** a Fundación Coca-Cola (en diante, a Fundación), é a entidade responsable do tratamento dos datos dos interesados, con domicilio social en rúa Ribeira do Loira, 20-22, 28042 Madrid, enderezo electrónico de contacto contacto@cocacola.es e teléfono 900 19 92 02.
- **Datos de contacto do delegado de Protección de Datos:** o enderezo electrónico de contacto do delegado de protección de datos é privacy@cocacola.com.
- **Con base na relación contractual que regula a participación no concurso a través das bases,** o tratamento dos datos persoais do interesado ten como finalidade xestionar a autorización para a participación do seu fillo ou filla no Concurso Coca-Cola Novos Talentos de Relato Curto, de acordo co establecido nos Termos e Condicións e as Bases do Concurso que os asinantes declaran coñecer e aceptar, así como manter un rexistro das autorizacións outorgadas polo pai/nai/titor/titora ou representantes legais. Iso inclúe a inscrición no concurso; xestión da súa participación; comunicacións necesarias para a correcta participación; verificación, en caso de resultar gañador, do

cumprimento dos requisitos; entrega do premio; publicación dos seus datos, incluída a súa imaxe de acordo coa Lei 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e a Lei 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, a través de medios de comunicación electrónicos (Internet, sitios web e redes sociais) e/ou convencionais (papel, fotografías, vídeos e outros análogos) dos participantes e gañadores do concurso.

- **Con base no interese lexítimo do responsable**, o tratamento dos datos persoais do interesado ten como finalidade convidar os alumnos participantes a eventos relacionados con outras ou futuras edicións do concurso, e mencionalos como antigos participantes en medios de comunicación, redes sociais e galas de entrega de premios.
- **Destinatarios dos datos**: con base xurídica nas bases contractuais, os datos persoais do Interesado poderanlles ser comunicados aos seguintes terceiros destinatarios: axencias de viaxe, hoteis, compañías áreas ou de transporte en xeral, mensaxería, compañías aseguradoras, así como outras terceiras entidades implicadas na xestión do premio cando se trate dunha viaxe ou actividade. Con base xurídica no cumprimento de obrigas legais, os datos persoais do interesado poderán serlles comunicados ás autoridades administrativas e xudiciais competentes por razón da materia.
- **Transferencias internacionais**: en relación cos destinatarios dos datos expostos anteriormente, Fundación Coca-Cola informa o interesado de que, cando os destinatarios dos datos (axencias de viaxe, hoteis, compañías áreas ou de transporte en xeral, mensaxería, compañías aseguradoras) estean fóra do territorio do Espazo Económico Europeo, a comunicación dos referidos datos implicará a transferencia internacional de datos co fin de executar as condicións establecidas nos presentes Termos e Condicións do concurso.
- **Encargado do tratamento**: terceiras empresas externas á Fundación Coca-Cola (como é o caso da oficina técnica de apoio BEST RELATIONS, SLU e outras entidades colaboradoras) terán acceso aos datos co fin de prestar servizos necesarios para a actividade e tratamentos levados a cabo segundo o indicado nas presentes bases e/ou funcións auxiliares de apoio a estes.
- **Prazo de conservación**: os datos persoais serán tratados mentres dure o concurso en tanto os interesados non soliciten a súa supresión e tras finalizar o tratamento, durante os prazos de conservación establecidos nas normas aplicables para o cumprimento das obrigas legais da Fundación Coca-Cola. En caso de tratamento de datos de alumnos en futuras edicións do concurso, os datos trataranse polo prazo establecido na política de privacidade da entidade responsable.

Dereitos: o interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación,

supresión, limitación ao tratamento, oposición, portabilidade, así como, de ser o caso, a revogación do consentimento outorgado para o tratamento en calquera momento, sen que iso afecte a licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada, mediante o envío dunha petición escrita á Fundación Coca-Cola xunto cunha copia do seu DNI a calquera dos seguintes enderezos:

- Enderezo postal: r/Ribera del Loira 20-22, 28042 Madrid.

Enderezo electrónico contacto@cocacola.es

- Ademais, tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control Axencia Española de Protección de Datos, (AEPD) así como a solicitar ante o devandito organismo a tutela dos seus dereitos, a través do sitio web w.aepd.es, e/ou no seguinte enderezo r/Jorge Juan, 6. 2800 Madrid e no teléfono de contacto 912 663 517. Con carácter previo a interpoñer a reclamación e de forma voluntaria, os interesados poden contactar co delegado de protección de datos da Fundación no seguinte enderezo privacy@cocacola.com.

Para máis información sobre a política de privacidade de datos dos profesores e dos participantes no concurso poden chamar ao número de teléfono 900 199 202 e para calquera detalle sobre o desenvolvemento deste, poden consultar os Termos e Condicións e as Bases en <http://www.fundacioncocacola.com/concursojovenestalentos/> ou no número de teléfono 915 211 134.

E para que así conste onde proceda, expiden a presente autorización en

_____, _____ de _____ 20__.

Asinado

D./

D.ª

(Pai/nai/titor/titora do menor)

DNI do que se achega fotocopia _____

Asinado

D./

D.ª



XUNTA DE GALICIA



—
(Pai/nai/titor/titora do menor)

DNI do que se achega fotocopia _____

Asinado

D./D.^a

—
(Menor de idade)

DNI do que se achega fotocopia _____

Coa sinatura deste documento o pai/nai/titor/a e/ou representante legal declara de forma responsable ter a representación legal e estar lexitimado legalmente para representar o/a menor cuxos datos persoais se consignan e poder prestar o seu consentimento para a recollida e tratamento dos datos persoais do/a menor ao que representa cos fins indicados neste documento.